

7, 8 e 10 de outubro

## OBRADOIRO

‘Imaxes da arte, imaxes do coñecemento.

Desprazamentos e sintonías entre a investigación artística e a científica’

Programa de Doutoramento Campus do Mar e Belas Artes

Actividade paralela da exposición ‘EIDOS DA IMAXE. Graffías dos feitos e do pensamento’



**Organiza:** Facultade de Belas Artes de Pontevedra e Campus do Mar [Proxecto Baliza, UVigo]

**Coordinadores:** Alberto Ruiz de Samaniego e Juan Carlos Meana (Facultade de BB.AA., UVigo)

**Participantes:** Juan Pimentel (CSIC); Juan Loeck (Facultade de BB.AA., UVigo); Jesús S. Troncoso (Dpto. Ecoloxía e Bioloxía Animal, UVigo); Irene Alejo (Departamento Xeociencias Mariñas, UVigo); Román Corbato (arquitecto, doutorando da Facultade de BB.AA., UVigo)

**Fechas:** martes 7, mércores 8 e venres 10 de outubro

**Horario:** de 18.00 a 21.00

**Lugar:** MARCO, salón de actos e salas de exposición do 1º andar

O proxecto Baliza está financiado polo Ministerio de Educación, Cultura y Deporte no marco do Subprograma de Fortalecemento CEI 2011

Universidade de Vigo Facultade de Belas Artes baliza CAMPUS DO MAR

Dirixido a: estudantes Programa Doutoramento Campus do Mar e Belas Artes, e estudantes da Universidade de Vigo

**GRATUÍTO, PREVIA INSCRIPCIÓN. Prazas limitadas ata completar aforo**

Número de asistentes: 50 personas

[A lista de asistentes realizarase por orde de inscrición, con preferencia para estudantes da Universidade de Vigo. En función das solicitudes recibidas, haberá unha lista de espera e poderase ampliar a asistencia a outras persoas interesadas].

Poden solicitar as fichas de inscrición na taquilla do MARCO, ou a través do email [marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com).

## OBRADOIRO

'Imaxes da arte, imaxes do coñecemento.

Desprazamentos e sintonías entre a investigación artística e a científica'

---

### PRESENTACIÓN

O obradoiro 'Imaxes da arte, imaxes do coñecemento. Desprazamentos e sintonías entre a investigación artística e a científica' xurde como actividade paralela da exposición 'EIDOS DA IMAXE. Grafías dos feitos e do pensamento', que se clausura o 12 de outubro nas salas do 1º andar do MARCO.

<http://www.marcovigo.com/content/eidos-da-imaxe-graf-dos-feitos-e-do-pensamento>

Moitos artistas e científicos non desestimarían a consideración do creador ao xeito de Leonardo, en tanto que alguén dedicado a investigar os segredos da Natureza e a rexistrar as súas dinámicas. Sempre existiu un vínculo entre a arte e o coñecemento ou o saber científico. Se pensamos nun momento crucial da historia da arte en Occidente, o Renacemento, non podemos olvidar o papel relevante que a perspectiva, por exemplo, tivo no *Quattrocento*, como instrumento para aplicar unha concepción matemática do espazo. Vínculos similares entre un sistema de percepción e medida técnico e a imaxe plástica podemos atopar noutros momentos da historia da cultura, como o descubrimento da microbioloxía, o nacemento da fotografía, a ulterior cronofotografía e a cámara microscópica, o desenvolvemento das posibilidades da imaxe en movemento ou a estrutura en dobre hélice do código xenético.

De feito, boa parte dos resultados e procedementos do coñecemento científico dependen en boa medida da súa visualización e construción nun universo de imaxes. A miúdo, a proba física destes procesos de experimentación, a súa proba experimental tanxible, desemboca na imaxe. Desta forma, a creación plástica traballou moitas veces en conxunción coas diversas técnicas de captación de imaxes insuficientemente desenvolvidas, desde as observacións microscópicas de Hooke ou Ramón y Cajal á fotografía e o cinema coloreados. En realidade, como sabemos, moitos destes procesos de configuración —as imaxes astronómicas por exemplo, ou as ondas de frecuencia sonoras— nin sequera son fotografías senón o resultado, nalgunha medida 'creativo', dos datos que os telescopios e as sondas miden.

Por veces, artistas e científicos comparten unha mesma premisa eidética: a constitución dunha realidade en tanto esta sexa vista e poida ser representada. Se o *Eidos* é a idea da realidade, a súa destilación, se queremos, máis pura, o será tamén dende o momento en que apunta tanto a algo real como a un concepto, unha concepción de algo hipoteticamente tanxible, visible, representable. Neste dualismo entre realidade e configuración gráfico-conceptual é onde, indudablemente, se atopan a ciencia, o pensamento e a arte. Ahí atoparemos as súas sintonías e, tamén, as súas diferenzas, os seus desprazamentos.

## OBRADOIRO

**'Imaxes da arte, imaxes do coñecemento.**

**Desprazamentos e sintonías entre a investigación artística e a científica'**

### OBXECTIVOS

O principal obxectivo é o coñecemento por parte dos participantes de metodoloxías de traballo dende o ámbito das artes e das ciencias, a partir de exemplos concretos que se poden ver na exposición. O coñecemento das imaxes e os sistemas e instrumentos que as xeran crean relacións metodolóxicas entre ciencia e arte.

### CONTIDOS. Programa e calendario

O obradoiro formúlase como unha secuencia de seis sesións durante tres días, segundo o seguinte programa:

SESIÓN	DATA + HORARIO	PARTICIPANTE	CONTIDO / TÍTULO
1ª	<b>Martes 7</b> ás 18.00	Juan Pimentel	Conferencia: Anatomías de todo o visible e o invisible. Sobre o papel das imaxes na historia da ciencia
2ª	<b>Martes 7</b> ás 19.30	Alberto Ruiz de Samaniego	Visita guiada á exposición 'EIDOS DA IMAXE'
3ª	<b>Mércores 8</b> ás 18.00	Juan Loeck	Cronografía: a dimensión científica da obra de arte
4ª	<b>Mércores 8</b> ás 19.30	Jesús S. Troncoso	Investigacións e expedicións científicas mariñas
5ª	<b>Venres 10</b> ás 18.00	Irene Alejo	Análise de ecosistemas
6ª	<b>Venres 10</b> ás 19.30	Román Corbato	Sistemas de orde do lugar

## OBRADOIRO

‘Imaxes da arte, imaxes do coñecemento.

Desprazamentos e sintonías entre a investigación artística e a científica’

---

### NOTAS BIOGRÁFICAS

**Juan Pimentel**, historiador da ciencia e membro do Instituto de Historia (Centro de Ciencias Humanas y Sociales, CSIC). A súa liña de investigación está centrada na Historia cultural do coñecemento, os seus discursos, prácticas e representacións. Foi *Visiting Scholar* na Universidade de Cambridge. É autor de varios libros sobre viaxes, ciencia e cultura na Idade Moderna. Entre eles, *La física de la Monarquía. Ciencia y política en el pensamiento colonial de Alejandro Malaspina 1754-1810* (1998); *Testimonios del mundo* (2003) e *El Rinoceronte y el Megaterio* (2010).

**Juan Loeck**, escultor, postgraduado en escultura en Saint Martin’s School de Londres e profesor do Departamento de Escultura da Universidade de Vigo, participou en numerosas exposicións individuais e colectivas nacionais e internacionais. O seu traballo céntrase na análise da noción de proceso-tempo na práctica artística contemporánea. Indaga en aspectos procesuais dos materiais cos que traballa empregando materiais como o xeo ou diarios de xornais. Ten varios artigos publicados sobre as poéticas do proceso.

**Jesús Souza Troncoso**, catedrático do Departamento de Ecoloxía e Bioloxía Animal da Universidade de Vigo. Creou o Laboratorio ADAM (Adaptacións de Animais Mariños). O grupo ADAM recibe anualmente investigadores doutras universidades, museos ou centros para a realización de proxectos comúns. Ten participado en numerosos proxectos de investigación, e en campañas oceanográficas e expedicións científicas nas nosas costas e noutras zonas do planeta como Islas Fidji, Papúa Nova Guinea, Brasil, Costa Rica, Hawái, as Illas Shetland do Sur, Estreito de Bransfield e Mar de Bellingshausen na Antártida. Autor de varios libros e artigos científicos. Participou en numerosos congresos e forma parte de sociedades científicas.

**Irene Alejo**, xeóloga e profesora do Departamento de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio, Facultade de Ciencias do Mar, Universidade de Vigo. Realiza estudos sobre procesos e xeomorfoloxía de sistemas costeiros e especialmente sobre a costa atlántica galega. Traballa no deseño de plans de recuperación, seguimento e conservación de areas. Actualmente é directora do CACTI da Universidade de Vigo.

**Román Corbato**, arquitecto pola ETSA da Coruña e Máster pola Universidade de Vigo en Arte Contemporánea. Na actualidade realiza a súa tese doutoral na Facultade de Belas Artes de Pontevedra investigando as relacións entre paisaxe e lugar na arte contemporánea. Participou en distintas exposicións colectivas e recibiu premios en concursos de arte e arquitectura.

**Alberto Ruiz de Samaniego**, profesor de Estética e Teoría das Artes na Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo. Crítico, ensaísta e comisario de numerosas exposicións nacionais e internacionais. Comisario da exposición ‘EIDOS DA IMAXE. Grafías dos feitos e do pensamento’.

**Juan Carlos Meana**, decano da Facultade de Belas Artes da Universidade de Vigo e coordinador do proxecto Baliza, do que forma parte a exposición ‘EIDOS DA IMAXE. Grafías dos feitos e do pensamento’.

---

#### + INFO sobre actividades e programación do MARCO en:

[www.marcoviggo.com](http://www.marcoviggo.com)

<http://www.facebook.com/marcovigo>

<https://twitter.com/MARCOVigo3>

Para calquera consulta ou información, dirixase a:

**MARCO, Departamento de Comunicación (Marta Viana)**

Tel. +34 986 113900 / 113908 / 113904

[marta.viana@marcovigo.com](mailto:marta.viana@marcovigo.com)